



VENRES / 21 FEB.

VENRES DE ENTROIDO

A TÚA CARA SÓAME

22.30 h.

Na Praza de Alfredo Brañas **A túa cara sóame**, espectáculo musical imitando o programa "Tu cara me suena" onde teremos actuacións con música en directo. Animase a toda a xente a que veña disfrazada de cantantes ou grupos musicais. Haberá premios para as mellores actuacións.

SÁBADO / 22 FEB.

SÁBADO DE ENTROIDO

17.00-20.00 h.

No Parque de Torrado animación infantil da man de **Nordelaina** Xestión Sociocultural con:

- Baile de disfraces
- Obradoiro de antifaces
- Pintacaras
- Merenda de entroido con chocolate e doces.

e a **Escola Obradoiro de Emprego** de Cambados emprende Xove con:

- Obradoiro de manualidades
- Xogos de destreza
- Xogos predeportivos



DOMINGO / 23 FEB.

DOMINGO DE ENTROIDO DESFILE DE CARROZAS

16.00 h.

Na Escalinata de San Tomé, **recepción das carrozas e maquetas** inscritas que participen no desfile.

17.00 h.

Comezo do **desfile das carrozas** acompañadas da música do Grupo de Batucada **Olodum do Coio** e a Charanga **As de sempre + nós** polas seguintes rúas: Escalinata de San Tomé – Avda. de Galicia – Praza do Concello – Avda. de Madrid – Praza de Fefiñáns. O desfile será retransmitido polo **DJ Studio 21**.

18.30 h.

Entrega de premios e participacións do concurso, na Praza de Fefiñáns. Para a 3ª Clasificada: 400€, á 2ª clasificada: 500€ e á 1ª clasificada: 600€. Ademais, farase constar a gratificación de 200€ ás carrozas e de 100€ ás maquetas pola súa participación. (Para máis información, consultar bases)

* En caso de choiva o desfile farase o martes 25 ou como última data o sábado 29 de febreiro no mesmo horario.



LUNS / 24 FEB.

LUNS DE ENTROIDO

BAILE INFANTIL

12.00-14.00 h.

Obradoiro infantil de entroido diante do concello.

17.00 h.

No Salón de Congresos e Exposicións J. Peña, **Baile de Entroido Infantil**. Premios para os mellores disfraces individuais de 50€, parella 100€, grupo de 150€. Ditos galardóns serán cambiábeis en establecementos comerciais asociados a Zona Centro. Organiza o Concello de Cambados coa colaboración da Confraría de Pescadores San Antonio e Zona Centro. (Para máis información, consultar bases).



MARTES / 25 FEB.

MARTES DE ENTROIDO

GRAN CONCURSO DE DISFRACES XUVENÍS E ADULTOS E CONCURSO DE COMPARSAS

12.00-14.00 h.

Obradoiro infantil de entroido diante do concello.

17.00 h.

Na Praza Alfredo Brañas, **Concurso de Disfraces** nas categorías de xuvenil e adulto amenizado polos **DJs Studio 21** con premios en vales de compra nos establecementos comerciais asociados a Zona Centro ao mellor disface individual de 100€, parella 150€ e grupo 200€.

18.30 h.

Concurso de Comparsas con premios para as tres primeiras clasificadas: 1º premio de 400€, 2º premio de 300€ e 3º premio de 200€. Para o resto de participantes non premiados haberá unha gratificación de 100€. (Para máis información, consultar as bases).

*En caso de choiva trasladarase ao Auditorio da Xuventude no mesmo horario.



MÉRCORES / 26 FEB.

MÉRCORES DE CINSA

ENTERRO DA SARDIÑA

18:00 h.

Na Praza do Concello*, degustación de **doces típicos do Entroido**, grazas á colaboración da Asociación **"Amas de Casa Albariño"**.

19.00 h.

Trala papatoria, terá lugar a homilía, antes do **Enterro da Sardiña**, que este ano contaremos coa presenza da **Frade Goio**, cos cánticos sacros das **Charangas Os Jaláticos** e **As de sempre + nós** e o Grupo de Batucada **Olodum do Coio**. Choróns e choronas quedades todos convidados formar parte deste sepelio que terá lugar na praia de San Tomé.

